PROXECTO DE INNOVACIÓN PARA UN USO EDUCATIVO DAS TIC:

“A utilización de wikis no contexto educativo.”

CURSO 2008-09

IES DE SANXENXO

CONTIDOS

I XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO **3**

II OBXECTIVOS **5**

III DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO. **7**

IV AVALIACIÓN **9**

I Xustificación do proxecto

Empezaremos por explicar que é un/unha wiki: segundo a definición que aparece en wikipedia, "Un wiki, ou unha wiki, é un sitio web cuxas páxinas poden ser editadas por múltiples voluntarios a través de calquera navegador de internet. Os usuarios poden crear, modificar ou borrar un mesmo texto que comparten. A aplicación de maior calado e á que lle debe a súa maior fama ata o momento, foi a creación de enciclopedias colaborativas, xénero ao que pertence a Wikipedia. Existen moitas outras aplicacións máis próximas á coordinación de informacións e accións, ou a posta en común de coñecementos ou textos dentro de grupos...
A maioría das wikis actuais conservan un historial de cambios que permite recuperar facilmente calquera estado anterior e ver "quen" fixo cada cambio. Facilitando enormemente o mantemento conxunto e o control de usuarios destrutivos. Normalmente sen unha revisión previa, actualízase o contido que mostra a páxina wiki editada."

Esta aplicación, da que hai unha oferta considerable para utilizar gratuitamente, permite, nun contexto educativo, a creación dun espazo virtual enorme, cun número moi elevado de posibilidades de emprego.

O proxecto consiste na creación e utilización destes espazos wiki, dos que serán responsables os profesores, ben individualmente, ben en grupo, e ao que teñen acceso as alumnas e alumnos co fin de consultar informacións diferentes e editar os seus propios traballos.

Dadas as características desta aplicación, o traballo de edición é moi doado, por non requirir coñecementos de programación ou edición de páxinas web. Asemade, permite a inserción de ferramentas de Google, imaxes, vídeos, direccións http, enlaces entre as páxinas da mesma wiki, colocación de todo tipo de documentos en formato texto, presentacións tipo "power point", follas de cálculo, etc.

Concretamente para o noso centro, a creación e utilización de wikis supón:

1. Unha ferramenta sen igual para favorecer o traballo cooperativo dos nosos alumnos. A dispersión xeográfica dos domicilios do alumnado (parroquias de Dorrón, Sanxenxo e Portonovo) imposibilita, a maioría das veces, as xuntanzas para facer tarefas en equipo fóra do horario escolar. As diferentes persoas poden traballar online, editando os mesmos textos na mesma páxina ou en páxinas diferentes dentro dunha mesma wiki.
2. O aproveitamento do interese que a xente nova amosa por este tipo de ferramenta (fotologs, blogs, etc.) para a busca da súa motivación na realización das tarefas educativas que se lles encomenden.
3. Un cambio na metodoloxía didáctica, facilitando o desenvolvemento das competencias básicas, ao posibilitar o acceso á sociedade da información dun xeito rápido, e favorecendo a utilización de todas as súas ferramentas e instrumentos.
4. Un maior aproveitamento dos equipamentos informáticos dispoñibles por parte do profesorado e do alumnado, feito que ven apoiado polo sistema de organización do instituto dende o curso 2007-08: as aulas están distribuídas segundo as diferentes materias, de tal xeito que cada departamento dispón dunha ou dúas aulas, que se están dotando de biblioteca propia (baixo a supervisión da Biblioteca Escolar) e doutros recursos específicos segundo as áreas. Esta organización permite que cada aula dispoña de equipos informáticos con acceso a Internet sen risco por estaren sempre baixo a responsabilidade dos profesores que imparten clase nelas.
5. O establecemento de novos canles de comunicación coas familias, xa que as wikis poden ter un carácter público e acceso desde calquera lugar e equipo cunha conexión a Internet. Nas casas pódese acceder aos traballos e temas que se están a traballar, así como á planificación do proceso de ensino, pois permite a inserción de calendarios e outras ferramentas que posibilitan o acceso á información que se estime oportuna.
6. O elevado grao de implicación por parte da maioría do profesorado, que ten a seguinte experiencia noutros Plans:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, durante dous cursos (2006-07 e 2007-08) tendo recibido o Premio "Irmandade do Libro" a Centros de Ensino, o pasado 12 de abril de 2008.
- Plan de Autoavaliación e Mellora de Calidade en centros educativos, durante o curso actual (2007-08), onde se traballou o desenvolvemento de Competencias Básicas, especialmente a competencia lingüística (comprensión lectora).

O claustro conta con 33 profesores no curso actual. Dos 26 que teñen destino definitivo no centro, 20 manifestaron interese por participar neste proxecto.

Cómpre sinalar que todo o profesorado implicado ten un nivel de formación en manexo de ferramenta informática básico, e un alto interese pola ampliación destes coñecementos. Hai, ademais, un profesor cunha longa experiencia en impartición de cursos de formación relacionados co tema, e outros dous "Expertos en creación de páxinas web" pola UNED.

7. A boa acollida que ten unha pequena experiencia levada a cabo coa utilización dunha wiki, na área de inglés, durante este último trimestre, como demostra o alto número de visitas que ten e a demanda á profesora por parte das alumnas e alumnos de colocación de información nela. (http://maaramburu.pbwiki.com).

8. A utilización desta ferramenta para a realización de tarefas colaborativas cun centro de ensino de Blanzac,en Francia, que xa se están realizando mediante métodos máis tradicionais e visitas escolares.

II Obxectivos

Os obxectivos a curto prazo son a formación do profesorado en creación e utilización de espazos wiki relacionados coa súa dedicación docente e a formación do alumnado cara ao aproveitamento destes espazos.

A máis longo prazo preténdese consolidar a utilización das diferentes ferramentas e instrumentos, de forma interactiva, por parte de toda a comunidade educativa, de tal forma que colaboren no proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito integrado. Para isto haberá que:

- Fomentar que todo o alumnado teña acceso aos recursos existentes de cara a acadar a formación pertinente.
- Introducir a ferramenta wiki no contexto das aulas e fóra delas, para poder levar a cabo a continuación do traballo desenvolvido no centro en calquera espazo e tempo.
- Formar ao profesorado de forma continua para poder afrontar o seu labor docente, adquirindo coñecementos da utilización das tecnoloxías de información e comunicación para o seu uso na docencia directa e para a súa propia formación permanente.
- Dotar todas as aulas do centro cos equipos que lle permitan traballar de xeito cotiá coas novas tecnoloxías.
- Abrir máis e diferentes canles de comunicación entre dunha parte o profesorado e o centro e da outra o alumnado e as súas familias.
- Encher de contidos o espazo web do instituto, utilizando unhas pautas de creación e criterios de uso comúns que favorezan o seu mellor aproveitamento por parte de todos.
- Traballar de forma autónoma na creación e edición de páxinas web, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- Fomentar o traballo colaborativo e interdisciplinar de alumnas e alumnos e equipo docente, utilizando as novas tecnoloxías de información e comunicación.
- Fomentar a competencia de aprender a aprender, mediante a utilización dos recursos que ofrece Internet.
- Fomentar a autoavaliación e a avaliación en grupo a través da creación de “portfolios” persoais, con posibilidade de acceso restrinxido, aloxados nas wikis, que recollan as tarefas realizadas ao longo do curso.
- Fomentar a reflexión sobre a conservación do medio ambiente, proporcionando un espazo virtual onde conservar en formato dixital todos os documentos elaborados e de consulta.

- Fomentar no alumnado o uso das TIC como instrumentos de acceso ao coñecemento global e a valoración das informacións conseguidas de forma crítica e razoada.

III Desenvolvemento do Proxecto.

O proxecto vaise realizar nas seguintes fases:

1. No momento da matrícula, proporcionarase a todo o alumnado unha conta de correo electrónico con dominio eduxove.xunta.es. (Xullo e setembro 2008).
2. Primeira sesión de formación do profesorado en creación e utilización de wikis a cargo da coordinadora do proxecto. (Setembro 2008):
    - Creación de contas de usuario e apertura das wikis de cada profesor.
3. Primeira sesión co alumnado para a creación das súas contas de acceso ás diferentes wikis dos seus profesores. (Setembro 2008)
4. Dúas sesións de formación en manexo de wikis para o profesorado. (Outubro 2008):
    - Edición de páxinas no contexto wiki.
    - Inserción de vídeos e imaxes previamente subidos a Internet (YouTube, TeacherTube, Slide, etc...).
    - Inserción de outras ferramentas como calendarios, follas de cálculo, enlaces a outras páxinas web, contadores de visitas, ferramentas de Google, (mapas, reloxos, etc..).
    - Inclusión na wiki de documentos de texto e outros formatos.
    - Xestións das páxinas creadas (seguridade, acceso, etc..)
5. Formación do alumnado a cargo dos distintos profesores, de tal xeito que todos os alumnos aprendan o manexo das páxinas, para acceder á información que os profesores inclúan nelas e á edición das que se lles asignen a eles. (Outubro- novembro)
6. Comunicación ás familias das direccións das wikis creadas para que accedan a elas e poidan seguir o desenvolvemento das actividades publicadas. (Novembro)

7. Inclusión dos enlaces ás wikis creadas na páxina web do instituto, cunha explicación do seu funcionamento e publicidade do proxecto.
8. Invitación a que fagan comentarios aos usuarios con acceso permitido, se o consideran oportuno. (Novembro)
9. Realización de tarefas colaborativas nas diferentes materias, utilizando o aprendido para recoller e seleccionar información sobre un tema determinado. (Decembro)
10. Formación do profesorado en diferentes recursos e instrumentos para a elaboración de material en formato dixital: tratamentos de texto, presentacións tipo PowerPoint, follas de cálculo, bases de datos, tratamento de imaxes, etc., de cara á mellora da súa competencia neste campo. (Segundo trimestre)
11. Formación do alumnado a cargo dos distintos profesores nos recursos descritos no parágrafo anterior, de xeito que todos adquiran os coñecementos necesarios para a súa utilización nos diferentes traballos que aporten nas wikis. (Segundo trimestre)
12. Elaboración de tarefas nas que se utilicen os recursos aprendidos. (Marzo)
13. Inclusión das diferentes tarefas nun “Portfolio” individual, con posibilidade de acceso restrinxido, de cada alumna e alumno. (Marzo)
14. Inclusión da documentación elaborada para as xornadas de formación (presentacións e exemplos) na páxina web do instituto, co fin de facilitar acceso e consulta de dito material aos usuarios en calquera momento e lugar. (Ao longo do curso)
15. Avaliación das distintas tarefas, conclusións e tomas de decisións segundo o grao de adquisición adquirido nesta competencia. (Final do segundo trimestre)
16. Elaboración dunha tarefa interdisciplinar sobre o tema central da IV Semana Cultural do instituto. Para a elaboración desta tarefa crearase unha wiki exclusiva con participación aberta a todos e o resultado final publicarase na páxina web do centro. (Do 20 ao 24 de abril de 2009)
17. Avaliación da experiencia por parte dos participantes e das familias. (Maio 2009)
18. Elaboración da memoria final. (Xuño 2009)

IV Avaliación

A avaliación levarase a cabo da seguinte forma:

- Valorando o grao de utilización dos diferentes recursos por parte do alumnado e do profesorado. (Maio 2009)
- Avaliando os diferentes traballos que se publiquen nas wikis de cada profesor/a ou grupo, segundo a capacidade de creación e presentación das tarefas nas que se teña utilizado ferramentas de busca de información e de presentación dixitais, a variedade de recursos empregados, a utilización óptima dos mesmos e o grao de desenvolvemento das diferentes competencias básicas do currículo. (Decembro-maio)
- Utilizando o recurso de inclusión de comentarios nas distintas páxinas por parte das persoas que teñan acceso a elas: alumnas e alumnos, familias, resto do profesorado. (Ao longo do curso)